

*PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 6005, DO PQ 0+000 AO PQ 0+573”*

#### INTERVEÑEN

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, José Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 20 de xaneiro de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005, do PQ 0+000 ao PQ 0+573”.*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*

#### PACTAN

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 6005, do PQ 0+000 ao PQ 0+573 (Concello de Lalín)”.*

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*



*SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 20 de xaneiro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*